

O REDOBRO DE A+ FN EN GALEGO MODERNO

ROSARIO ÁLVAREZ

(Universidade de Santiago de Compostela)

1. As funcións de OD e OI poden estar realizadas por frases (FN con prep. *a* no OI, con ou sen *a* no OD), e eventualmente por certos tipos de oración (no sucesivo referirémonos con “frase” a todas estas opcións), ou ben por medio de clíticos, no caso que corresponda (acu. no OD, dat. no OI). Pódese afirmar que no estado actual do galego a presenza do clítico escusa adoito a da frase correferente, en tanto que a frase precisa con frecuencia da concorrencia do clítico. Dito doutro xeito, se para que a oración sexa correcta abonda coa simple presenza do clítico, a coexistencia das dúas expresións do complemento —isto é, o clítico e a frase (ou oración)— constitúe unha estrutura marcada; e nos frecuentes casos en que a presenza da frase non abonda por si mesma, a ausencia do clítico dá lugar a unha estrutura agramatical:

Eu heite levar comigo a ve-lo lume do Apóstolo. Xa lle digo eu que non dormes na casa.

*Eu heina de leva-la nena comigo / Eu heite levar a tí comigo. Xa lle digo eu a ela que non dormes na casa. Xa lle digo eu a túa nai que non dormes na casa.

*Eu levo a tí comigo. *Xa digo a ela que non dormes na casa. *Xa digo eu a túa nai que non dormes na casa / Eu hei levar a Catuxa comigo ¡Meu mar, ti que deches á terra a prata farturenta dos teus peixes! [elevado].

Respecto da presenza do clítico como única realización, hai importantes diferencias entre OD e OI: a primeira afecta á distinta frecuencia, pois contrasta fortemente que só unha mínima parte dos OD sexan clíticos, coa inmensa maioría dos OI con esta realización; a segunda ten que ver coas formas, pois o acusativo representa tanto o OD coma o Atr., en tanto que o dativo só representa a función

sintáctica de OI¹. Engádase a isto a enorme frecuencia do esquema OI (tópico)+V, máis ben rara para OD (tópico)+V, e que a maior parte dos OI sexan [+HUM], en tanto que os OD son adoito [-ANIM].

2. Chamamos *redobro do clítico* á presenza dun clítico nunha oración en que hai ademais unha frase correferente (xeralmente con prep. *a*) coa mesma función sintáctica. É esta unha característica que o galego comparte con outras linguas románicas, en especial coas hispánicas, se ben non en todas se dá no mesmo grao nin seguindo as mesmas regras. Desde o punto de vista da lingüística galega interesa especialmente caracteriza-lo comportamento tendo no punto de mira como se comporta o mesmo trazo en portugués, tentando determinar en que medida se asemellan ou difiren entre si os dous estándares e en que medida e época se afastan ambos do primitivo toro común; e isto sen perder de vista o comportamento en español, lingua que por razóns sociolingüísticas puido influír na evolución do galego. Na nosa exposición, por forza breve, non faremos de maneira explícita o contraste entre estes comportamentos, pero este subxace a toda ela e serve de fío conductor á escolma dos exemplos e das características que consideramos máis relevantes².

O redobro propiamente dito é a duplicación que se produce en orde non marcada, isto é, V+OI ou V+OD: *Díllelo a eles, Vínno a el*; cabe incluír no mesmo procedemento a que se dá en estruturas focalizadas, con orde OI+V ou OD+V: *A min mo vas dicir, Todo o quere*. Cómpre contemplar á parte, en cambio, a duplicación do tópico ou tema en estruturas tematizadas, tamén con orde Frase+V, que segue regras propias: *Os sobriños impórtalles pouco, Os nenos vímolos*. Queda fóra do noso ámbito a duplicación que se produce en oracións de relativo con *que* gramaticalizado como puro nexos, que afecta a estas e outras funcións sintácticas e non só a clíticos³. Consideramos que tamén hai que excluír do redobro a concorrencia do clítico acu. e unha oración OD, propia da lingua coloquial; na nosa opinión trátase dun uso catafórico, que tamén se dá con oracións conxuncionais que funcionan como Atr. de verbos como *parecer, semellar* (OD: *Sentín que me chamaban / Sentino que me chamaban; Atr. Paréceme que si / Parécemo que si*), e que tivo maior fortuna literaria co pronome Sux. (*¿É el non era fermoso percorrer mundo?*).

3. Da análise dos distintos contextos despréndese que hai catro situacións posibles: casos en que a frase que funciona como complemento se pode presentar en solitario, pero acepta a concorrencia do clítico (FN — [cl.]), casos en que é preciso que o clítico a redobre (FN — cl.) e, finalmente, casos en que o redobro é imposible, ben porque só pode aparece-la frase (FN), ben porque só o pode face-lo clítico (cl.).

Na descrición cómpre ter en conta a función sintáctica, pois os comportamentos do OD e o OI son claramente diferentes. Cómpre tamén atender á estrutura informativa, tanto no referente á posición que a frase implicada ocupa con respecto ó verbo, coma á función que cumpre (foco ou tema), ás características internas da frase (tales como se contén un pronome persoal, determinantes definidos, etc.), e á súa función semántica, sobre todo no que atinxe ó grao de obrigatoriedade ou frecuencia do redobro do OI.

1. OD

1.1. O redobro en posición non marcada

1. Na orde V+OD, o redobro é imposible na maior parte dos casos, sen importar que a FN teña un núcleo léxico (subst. común ou propio), ou pronominal autónomo ou substituto, nin os seus trazos semánticos, nin que teña ou non determinantes definidos. Como o redobro está asociado á presenza de *a* como marcador de OD, non se dá coa maior parte dos sintagmas que cumpren esta función oracional, que carecen de prep.:

Aníbal pegoulle *lume* á palleira [*pegoullo lume á palleira]. Diante tiña *un pequeno xardín con tileiros e chopos negros* [*tiña un pequeno xardín...]. Deixei *os tres nenos* na escola [*deixei os tres nenos na escola]. Pilar esperaba *a Manolo* [*Pilar esperába a Manolo].

Non digas *iso* [*non o digas iso]. ¿Sobriños?, sempre que ía a Lugo traía *unha ducia* consigo [*a traía unha ducia]. Mercara a casa en cen mil pesos, pero logo gastara *outros tantos* en amañala [*gastáraos outros tantos]. Coñecíaos dabondo e trataba *a algúns* [*tratábaos a algúns]. Non vimos *a ninguén* [*non o vimos a ninguén]. Algún neno da casa afixera *ós demais* a ir enredar alí [*afixéraos ós demais]. Deixou un macho e foi vendendo *os outros* [*foinos vendendo os outros].

Non hai redobro se o OD é un pronome que ocupa a posición habitual anterior ó verbo pola súa condición de nexo relativo, de interrogativo ou de exclamativo (para secuencias semellantes con focalización, *vid. infra*):

Abriume un home maior *a quen* non coñecía.
 ¿Cantos cartiños che deu? ¿*A quen* viches na entrada?
 ¡*A cantos clientes* comprometiche! ¡*Que* che fixen!

Na posición V+OD o redobro está directamente asociado a *a*+FN de persoa, coa limitación en distintos graos a FN que teñen por N un pronome persoal (cuantificado ou non por *todos*) e *un*, é dicir, asóciase a sintagmas que poderían cumpri-la función de OI e, por tanto, a capacidade de diferenciación

formal reside no clítico: *chamalo a el / chamarlle (algo) a el, traelo a el / traerlle (algo) a el*, etc.

2. Na lingua actual unha frase *a*+pronome persoal OD, de calquera persoa e número, precisa do redobro do clítico, coma no portugués europeo; en calquera caso, a oración queda marcada fronte á que presenta só o clítico. Tendo en conta a gramática do pronome persoal, compréndese que a maior parte das ocorrencias de redobro por este motivo teñen o trazo [+HUM], ou cando menos [+ANIM], e asemade [+DEF]:

*A Moureira segue *a el*, coma o avecíó á sardiña [+HUM: o vigairo] / A Moureira séguese *a el*, coma o avecíó á sardiña ['a el e non a calquera outro']. A Moureira séguese, coma o avecíó á sardiña.

A Lupa deixouse prender, pero o cadelo saíu a escape, non fose que tamén o fosen prender *a el* [-HUM, +ANIM: o cadelo].

¿E logo vaise operar *a si mesmo*?¹.

En contra do que acontece en portugués, se a frase co pronome forma parte dunha estrutura composta por coordinación, o clítico refírese adoito á suma de tódolos membros²; pode ser correferente só co persoal se este é o primeiro membro da estrutura coordinada, mais isto ten incidencia en como debe ser entendida a coordinación:

Anotounos *a min e ó neno*. Anotounos *ó neno e a min*.

Anotoume *a min e ó neno* ['anotoume a min, e tamén (anotou) ó neno'].

*Anotoume *ó neno e a min*.

Hai, con todo, algúns casos de excepción ó redobro sistemático da FN que ten por N un pronome persoal:

a) Non se dá ó mesmo tempo o redobro do OD e o do OI. Tendo que optar ou en casos de posible ambigüidade, dásele preferencia ó redobro do OI:

*Levéillelo *a el* ós pais / ?Levéillelo *a el* / Levéillelo ós pais.

*Presentouseme *a si mesmo a min* / ?Presentouse *a si mesmo a min* / Presentouseme (a min).

Con algúns verbos que teñen dous complementos de persoa (xeralmente OD e OI), expresados ambos por medio de pronomes persoais, a presenza de *a*+pron. en función de OI pode dificultar ou impedi-lo uso da frase *a*+pron. OD, e asemade do redobro (*cf. infra*, con maior extensión o que ocorre co OI); de actuar doutro xeito, induciríase a confusión ou crearíanse sintagmas improbables:

Presentouse a min / ?Presentouse *a si mesmo* a min.

Irea preferi~~ume~~ a Xiao → Irea preferi~~ume~~ *a min* a Xiao / ?Irea preferi~~ume~~ *a min a el*. *Irea preferi~~umelle~~ *a min (a el)* [e *Irea preferi~~umelle~~ *(a el)*, *vid. infra*].

b) A pesar do N pronominal, a obriga desaparece en diversos graos, ata poder facer incorrecta a oración con redobro, se resulta cuantificado nun esquema con *de*:

Atopamos *a moitos deles* / ?Atopámoslos *a moitos deles*.

Atopamos *a media ducia deles* no pasco / *Atopámoslos *a media ducia deles* no pasco.

Atopamos *a algúns deles* na conferencia / *Atopámoslos *a algúns deles* na conferencia.

En cambio, o redobro mantense cando o cuantificador actúa como N substituto en ausencia do pronome persoal, sen formar parte dun esquema con *de* (para *a todos eles*, *vid. infra*):

Mirábanos *ós dous* ← Mirábanos *a nó-los dous* [distinto de: "Miraba *ós dous*", P3pl.].

Mireinos *ós dous* ← Mireinos *a eles (os) dous*.

c) Tampouco se produce redobro da P3sg. ou pl. se o verbo está acompañado de *se*, pois ten prioridade a restricción da secuencia "se+o^o":

E no medio de toda aquela xente partíndose de risa viase *a el* todo serio.

3. É tamén preciso o redobro cando a frase plural que segue ó verbo se refire a un grupo de individuos que comprende o locutor e/ou o alocutario, pois este significado só vén dado pola persoa do clítico; en ausencia do clítico interprétanse como 3P:

E acababan por *nos* deixar *ós rapaces* coma felices espectadores nun improvisado foro [P1pl.] / E acababan por *vos* deixar *ós rapaces...* [P2pl.] / E acababan por deixar *ós rapaces...* [P3pl.].

Parecía coma se *nos* fosen matar *a todos* sen máis trámites. A iso das once da noite deixáronnos saír *a algúns*.

4. O redobro é frecuente, pero non estrictamente obrigado, co persoal indeterminado *un* cando nun uso dislocado se refire en última instancia ó propio locutor (P1) e, polo tanto, se interpreta como [+DET]; non se redobra, en cambio,

cando se refire a unha P3 indeterminada. Este é un dos raros casos en que o clítico só non abonda para expresa-lo mesmo significado, pois o pronome 3P acu. sempre se interpretaría como anafórico de P3 e [+DET]:

É un ollar que *o* traspasa *a un* coma unha espada [P1: a un mesmo] / É un ollar que traspasa *a un* coma unha espada [P3 indet.: 'a un calquera'; eventualmente. P1: 'a un calquera, incluso a un mesmo'] / É un ollar que *o* traspasa coma unha espada [P3sg. det.: 'a el'].

Isto non contradí a condición de que a FN redobrada deba te-lo risco [+DET] enunciada para o español e para o portugués (**Já os vimos a alguns*; Matos/Duarte:481), nin as teses de Suñer que propón como determinantes [+ESP] e [+ANIM]: "Con ODD, éste no puede aparecer si el argumento es no específico, mientras que un OD [+específico] permite pero no requiere doblado" (1993:178-179). Como dicimos, é un dos modos de se referir ó emisor (sempre definido), que busca certo distanciamento entre el e os feitos relatados.

Nos sintagmas *un a outros*, *un ó outro*, *uns ós outros*... 'mutuamente', caben distintas posibilidades: dunha banda, o redobro é imposible cando o OD é o cuantificador, ben como N autónomo ben como N substituto; doutra, o clítico pode representar unha frase OD, sobre a que incide externamente un destes sintagmas, polo que a concorrencia de ambos non se debe ó redobro do clítico:

Xoán presentou *uns ós outros* [forma habitual. OD+OI: *uns* selecciona uns individuos e *os outros* identifica a totalidade do grupo restante].

Xoán presentounos *uns ós outros* [←*Xoán presentou os alumnos uns ós outros*].

5. A presenza do cuantificador universal *todo* e variantes pode producir diferentes tipos de esquemas:

a) Cando *todo(s)* / *toda(s)* é un pronome que funciona como N substituto na frase OD, con ou sen prep. (*Vin a tódolos amigos* → *Vin a todos*; *Mandei tódolos paquetes* → *Mandei todos*), non se redobra cun clítico, aínda que teña referente de persoa; compórtase como o faría se o subst. N estivese presente:

Levaches *a tódolos nenos* contigo → Levaches *a todos* contigo / *Leváchelos *a tódolos nenos* contigo → *Leváchelos *a todos* contigo.

Non obstante, *a todo(s)* / *a toda(s)* pode ser redobrado polo clítico cando o cuantificador é N substituto en ausencia do pronome persoal (que determina a esixencia da prep. *a*). Naturalmente, o clítico é da persoa correspondente ó persoal omitido:

Leveinos *a todos eles* comigo, Leveinos *a eles todos* comigo → Leveinos *a todos* comigo.

Vaivos levar *a todos vós* consigo → Vaivos levar *a todos* consigo.

Compórtanse nisto de diferente maneira o galego e o portugués, pois nesta lingua o OD *a todos* debe ser sempre redobrado polo clítico (Matos/Duarte: 484-485):

Port. Vimo-*los a todos*. Li-*os a todos* ao João. Li-*os a todos eles* ao João / gal. Vimos *a todos* ≠ Vimolos *a todos*. *Linllos *a todos* a Xoán⁸.

b) *Todo(s) / toda(s)* é un cuantificador externo que incide sobre a frase OD, realizada nos casos que nos interesan polo clítico; leva ou non prep. *a*, segundo os trazos semánticos do seu referente (o redobro de OD existe aFN), mais nunca un N expreso ó seu carón:

Vinas *todas* ['vin unha por unha, ata ve-la totalidade do grupo (preferentemente [-ANIM])] ou 'vinas, e cada unha integramente'] / Vinas *a todas* ['vin unha por unha, ata ve-la totalidade do grupo [+ANIM]].

Levounas *a todas* consigo. Púxoos *todos* no alzadeiro.

Non se trata dun caso de redobro do clítico, senón dunha función de moitos cuantificadores —interésannos de xeito especial os de totalidade—, que se verifica tamén con frecuencia respecto do Sux. Por outra banda, o cuantificador e o clítico son compatibles coa presenza dun OD tematizado, o que sería imposible se *todos* fose Det. dun N distinto expreso⁹:

Os rapaces levaron merenda *todos* ['os rapaces levaron a merenda + os rapaces eran tódolos rapaces do grupo']. *Os rapaces* levaron merenda *ambos* ~ *entrambos*. *Os botes* metiámolos en bolsas de plástico, pero as *algas* enterrabámolas *todas*. *Os meniños* atendeunos Daniel *a todos* / **Os meniños* atendeunos Daniel *a todos eles*.

c) *Todo* pode ser ademais un núcleo autónomo, equivalente a port. *tudo* (port. *Deixe-me dizer tudo*, gal. *Déixeme dicir todo*). A diferenza deste, o pronome galego acepta, pero non existe, a concorrencia do clítico: nuns casos, o pronome *todo* é N dunha FN coa función de OD, sen redobro e sen a presenza dun clítico que non tería xustificación ningunha; noutros, *todo* é un cuantificador que incide a distancia sobre a frase OD [+ESP] representada polo clítico, que polo tanto concorre sen se deber a un esquema de redobro:

María sabe *todo* ['o que hai, respecto dunha situación, dun tema...'] / María *sábeo*

todo ['iso... completamente'].

6. A obriga de que os pronomes persoais vaian redobrados atinxe ás formas de tratamento. Con *todo*, non é infrecuente que en rexistros moi elevados (convites institucionais, convocatorias de órganos colexiados, etc.) se omita o clítico; en contra do que pode parecer, é un uso moderno inspirado pola dificultade de manter unha fórmula unitaria politicamente correcta cun pronome acusativo que ten moción xenérica:

Agora si que *o* collín eu *a* *vostede*, señor cura [habitual].

O Presidente de... saúda e convida *a* *Vde.* a... [por "Saúdao e convidao a *Vde.* / Saúdaa e convidaa a *Vde.*"].

1.2. Tematización e focalización

1. En estrutura informativa marcada por tematización abandónase a orde normal V+OD, de xeito que o OD realizado lexicamente se despraza á esquerda como tema e se redobra por medio dun clítico acusativo situado no lugar que corresponda onda o verbo, de acordo co comportamento xeral dos clíticos. Acompañase dunha entoación relativamente neutra, caracterizada por unha inflexión tralo OD tematizado, por veces con entidade abonda para ser marcada cun signo de puntuación (*A min, escolléronme*); pode mesmo ser inaudible, pero o seu lugar existe e sempre é posible marca-la.

A presenza do clítico é practicamente obrigada e non depende dos trazos descritos con anterioridade (afecta por igual a FN con ou sen prep., con núcleo léxico ou pronominal, etc.)¹⁰. Esta obriga, xunto co feito de que o Atr. se comporte do mesmo xeito (*Parvo, seralo tí*), lévannos a xebrar estes casos dos de redobro propiamente dito:

A min escolléronme porque tiña unha voz moi baixa.

O consultorio non *o* tiña na Cruz do Incio. *Os patróns*, Xosé trátaos ben. *A Lucía* levárona no colo. *Agravios*, hainos.

Toda a culpa aínda non *a* ten ela, senón os pais que tal educación lle deron. *Algunhas* xa *as* venderon en vida do pai. *Iso* tes que sabelo ti.

Que non tiñan nin para comer díxoo Carmiña.

Hai, con todo, restriccións. A máis importante ten que ver con que a frase desprazada sexa [-DEF], pois nese caso non sempre se sítúa o clítico onda o verbo (*Libros, le / Libros, leos*). En realidade nestas condicións hai dúas posibilidades, con significados diferentes: nunha delas trátase de confirmar ou rexeitar unha información nova, o elemento desprazado á esquerda, a pesar de ser un tópico, compórtase coma un foco e non hai redobro; na outra, o elemento desprazado

está moito máis integrado na predicación, compórtase como un auténtico tópico sobre o que se engade outra información e o clítico situado onde o verbo refírese anaforicamente a el. O mesmo ocorre cando nese lugar se sitúan pronomes con ese trazo:

- ¿Xaime le (ou non le) *libros*? / —Home. *libros* le [**libros leos*].
 —¿Venden *árbores froiteiras*? / —Aí, *árbores froiteiras* vendémolas só en temporada [**árbores froiteiras vendemos...*].
Algún pode haber / *Algún* pode habelo.

O tópico non se reproduce nun clítico acu. de 3P se o verbo está acompañado cun pronome *se*, pois daría lugar a unha secuencia **se+o* (vid. nota 5). Coa pronominalización dos tópicos doutras persoas (*A min non se me ve ben*), compróbase que se trata unha vez máis de incompatibilidades en secuencias de clíticos:

- O arame* córtase cun alicate [**O arame córtaseo* cun alicate / *O arame* cortámolo cun alicate].
 E logo *aquilo* reméxese ben remexidiño [**reméxeseo* / *aquilo* reméxeno].

2. A focalización tamén comporta o traslado á esquerda da unidade (con ou sen *a*) que funciona como OD, e que non pode ser un clítico. A entoación é marcada e non é posible ningunha inflexión tralo sintagma focalizado, o que obriga á posición anteverbal dos clíticos que acompañen o verbo (*A min me escolleron*). Non se produce o redobro do clítico, salvo nos casos en que ocorrería tamén en posición habitual:

- O meu corazón* che mando, cunha chave para o abrir. *Ganas* non lle quedan de volver ás andadas. ¡*Cacho melón* colleu ese neno! Digo eu que *algúns amigos* lle quedarán. *Boas ganas* che teño eu de ir á verbena. E díxome entón o capitán: "*Iso mesmo* lle vas dicir da miña parte ó coronel". Era un home afable e *a todos* trataba por un igual.
 Aí sí, ho. ¡*a min me* vai deixar en terra! *Todo o* sabe [corresponde a *Sábeo todo*; non a *Sabe todo*, que daría lugar a *Todo sabe*].

A focalización do pronome interrogativo fai posible o redobro, en contra do comportamento habitual (cfr. *supra*):

- Pois dín que o acusou o seu cómplice. / —¿*A quen o* acusou o seu cómplice? [‘a quen dicides que o acusou...’, ‘a quen foi que...’].

2. OI

2.1. O redobro en posición non marcada

1. En tódolos contextos e condicións descritos para o redobro do OD é obrigado o redobro do OI, mais sen ningunha das restriccións que en cada caso foron sinaladas máis arriba respecto dos cuantificadores de totalidade, do persoal indeterminado, etc.:

Atopáilles un traballo *a elas* [*Atopei un traballo *a elas*]. El quere contar*lles* todo *a vostedes*. El quere contar*vos* todo *a vós* [*Quere contar todo *a vostedes*, *Quere contar todo *a vós*; fronte ó portugués *Ele quer contar(-vos) tudo a vocês*].

Ás veces várrescelle *a un* a vista [P1 ou P3 indet.: *Várrese *a un* a vista¹¹]. Pedíulle o xornal *a un* que tiña diante.

Díxonos *a min* e *a miña irmá* que agardasemos [*Dixo *a min* e *a miña irmá* que agardasemos]¹².

Díllelo *a todas*. Díxenllelo *a tódalas nais*. Presteille atención *a todo*.

A diferenza do xa dito a propósito do OD e do que ocorre en portugués, en galego moderno a presenza dunha unidade que funciona como OI practicamente obriga ó redobro cun clítico, e isto en estrutura informativa non marcada, coa orde V+aFN. O clítico compórtase, por tanto, como un trazo formal máis desta función, a tal punto que nestas condicións de redobro é frecuente que o clítico de 3P suspenda a oposición sg./pl. a favor de *lle* (*Propónlle iso ós teus socios* por *Propónlles iso ós teus socios*, Álvarez 1994b:135). Nos exemplos que seguen advírtese que a esixencia de que o argumento redobrado conteña un pronome persoal (*cf. supra* o OD) non é aplicable ó OI:

Un coche coma este vaílle moi ben *a un médico rural*. Díxolles *a teu pai* e *a teu irmán* que agardasen. Moito *lle* agradecín *a Xacobo* a súa axuda. Na rapa córtanlle-la crina *a cabalos do monte*. Non *lles* digas nada *a eses*. Non *lle* preguntedes quen é *a ninguén da vila*. Púxenlles sclos *a varios sobres*. Pois eu díxenlle *iso a alguén*. Vaílle contar *a quen cho crea*.

Nas rarísimas ocorrencias da construción reflexiva indirecta, en galego practícase o redobro do mesmo xeito ca na reflexiva directa (*Pregúntome iso*, *Pregúntome a min mesma iso*, coma *Víame*, *Víame a min mesma*) e nunca se pode usa-la frase preposicional que contén o pronome persoal tónico sen o clítico (**Pregunto a min mesma iso*); diferénciase nisto do portugués, que evita escrupulosamente o uso do clítico en beneficio da frase preposicional e distingue por este trazo as dúas construcións (*Perguntei a mim mesma isso* / *Via-se a si próprio*)¹³.

O redobro atinxe tamén ós nexos relativos e ós interrogativos e exclamativos, que pola súa natureza se sitúan antes do verbo:

¡A cantos (lles) dixéche-lo mesmo?

Unha maldición proferida por un rival *ó que eu (lle) arrebatei a praza na Universidade.*

2. Agora ben, o redobro non está totalmente xeneralizado. Hai numerosos contextos en que, efectivamente, a falta de redobro produce enunciados agramaticais (cl. — *aFN* / **aFN*); noutros, en cambio, a ausencia do clítico pode ser infrecuente ou producir enunciados propios de variedades lingüísticas máis elevadas ou máis conservadoras, pero non resulta incorrecta ([cl.] — *aFN*); noutros, o clítico é a única realización habitual e dificilmente pode ser duplicado cunha frase (cl. — [?*aFN*]); noutros, o redobro é posible pero infrecuente, e dá lugar a estruturas marcadas fronte ás que presentan, respectivamente, só clítico ou só *aFN* (cl. — *aFN* / cl. ~ *aFN*); nos menos, finalmente, o redobro é imposible, nos máis dos casos porque tamén o é a clitización ([cl.] ~ *aFN* / *cl. — *aFN*):

Pois xa *llo* dixera eu *a ela* [*xa dixera eu a ela].

Mandou un parte comunicando a noticia *ó Gobernador Civil* — comunicandolle a noticia *ó G. C.*

Nin sequera *lle* sei o nome [inhabitual con *aFN* en redobro: Nin sequera *lle* sei o nome *a esta*].

Achegóusceme *a mín* [marcada] / Achegouse *a mín*, Achegóusceme [non marcadas].

Irea preferíumc *a Xiao* [*preferíumelle *a Xiao*].

3. Ó describirmo-lo redobro do OD tentamos establecer en que casos este se produce ou se pode producir. A diferenza de comportamento do redobro respecto do OI lévanos a proceder do xeito contrario, é dicir, a tentarmos establecer en que casos é posible non o practicar e a función de OI se pode realizar con *aFN* sen a presenza do clítico¹⁴.

3.1. O grao de admisibilidade da ausencia de redobro —a presenza é sempre posible— depende de factores gramaticais coma os seguintes:

a) A definición referencial da frase, na liña do trazo [+ESP] que determina a posibilidade de redobro do OD. Canto máis definido estea o OI, por medio dos trazos [+ESP] e [+DEF], máis automático se fai o redobro co clítico:

A súa misión é proporcionar axuda material *a anciáns necesitados* /

?...proporcionar axuda material *a uns anciáns que coñeceu no balneario.*

?...proporcionar axuda material *ós tres anciáns do primeiro piso.*

b) As características semánticas do seu N, pois aínda que se poden aducir exemplos de non redobro co trazo [+HUM], a proporción é sensiblemente maior tratándose de frases que teñen por núcleo un nome común [-ANIM], é dicir, con frases que nunca se poderían interpretar como aFN-OD:

Semella que a natureza estea falando decote *a tódolos sentidos do bome* [a presenza dun verdadeiro alocutario comportaría o redobro: "que estea falándolle a..."].

Os teitos baixos daban *á sala* unha falsa longura / *O namoro dá *a Rebeca* un aire resplandecente.

Notificou as vacantes *ó Rectorado* ['á institución'] / Notificoulle as vacantes *ó Rectorado* [enténdese, preferentemente, como metonimia: 'ó Rector, ó funcionario encargado, etc.'].]

c) A función semántica do OI, pois pódense establecer algunhas coas que resulta imposible a+FN sen o redobro do clítico, porque o habitual é que se realicen por un clítico que só se "reforza" cando as circunstancias o requiren (se acaso cunha obrigatoriedade non tan extrema coma en español, Fernández:29):

Experimentador: *Os libros de cociña gustan *a Pedro*¹⁵ / Os libros de cociña gústanlle *a Pedro*¹⁵. *Por iso resulta cada vez máis doado *ós pais* / Por iso lles resulta cada vez máis doado *ós pais*.

Benefactario: *Fixen un mantel *a Xesús* / Fixenlle un mantel *a Xesús*. *Con esta tea fago dous pantalóns *ós meus pequenos* / Con esta tea fágolles dous pantalóns *ós meus pequenos*.

Dentro da función semántica chamada comunmente "posesivo" cómpre distinguir entre dúas construcións fundamentais ós nosos efectos: nunha delas só é posible o clítico con esa función e non pode haber redobro, pois o mesmo significado non se expresa por medio de a+FN, senón de *de*+FN ou dun posesivo; na outra cabe a presenza de a+FN, e por tanto danse as condicións básicas para a existencia de redobro, que se practica adoito:

A meniña que ten na casa *élla neta* [*élla neta a el / é neta del, é súa neta]. Aquela alma en pena buscaba quen *lle* rachase coa fouce o sagrado hábito [*lle rachase o sagrado hábito a ela / lle rachase o seu sagrado hábito].

*Seica doe a cabeza *á nai* / Seica *lle* doe a cabeza *á nai*. *Morreu o pai *ó meu compañeiro* / Morreulle o pai *ó meu compañeiro*. *Xoaquín coida as pitas *a Andrea* mentres está fóra / Xoaquín cóidalle as pitas *a Andrea* mentres está fóra.

No segundo tipo está contido dalgún xeito o primeiro: 'seica *lle* doe a *súa* cabeza

a ela, a cabeza *dela* a ela'; por tanto, se se trata efectivamente de redobro do clítico, a obriga non atinxe sempre nin só á posesión inalienable (Jaeggli 1993:151, para o español; algúns dos exemplos presentados por nós non teñen este trazo) e está condicionada polas características sintácticas da construción.

En cambio, coas funcións de receptor e alocutario, das máis frecuentes e típicas do OI, é posible atopar sen dificultade exemplos con case tódolos verbos (sempre dentro da infrecuencia); os dous grupos de verbos responden en liñas xerais á construción Sux.[+HUM]+V+OD[-ANIM])+OI[+HUM]:

Foi cos cinco pesos na man para dar *á primeira persoa que atopase*. E coa mesma o pai entregou un saquetiño *a cada fillo*. Crese con dereito a cuspi-la súa desgracia *ós demais*. Tía Marica foi leva-lo xantar *ós seus segadores*. Os anos vendeunos *a uns tratantes que ían para a feira*.

E entonces resolveu confesalo *ao crego*, e así o fixo, dicindo o sucedido *ao crego*. Entón o home preguntou *aos pequenos das ovelas* pola capela de San Lourenzo. Pero, ó fin, contou *a Xosefina* o seu segredo. Coa mesma, comunicou a boa nova *a tódolos presentes*. Ese nome puxérallo Lucas e explicara *a todos* as súas razóns.

d) As características do P, en particular se se trata dunha construción con verbo operador e substantivo (preferentemente sen determinantes: *dar creto*, *dar azos*, *ter medo...*), mesmo no caso de que o OI sexa [+HUM]. Semella que a gramaticalización de V+OD nunha lexía complexa exime xa ó outro complemento (con *a*) da obriga de se hipercaracterizar co redobro como OI:

O vulgo non quere dar creto *a estas historias*. As lendas e contos deran azos *á miña credulidade*. O meu caso non debe dar pé *a ningunha nova metafísica*. Agarrouno polo rabo, e empezou a dar golpes con el *aos seus contrarios*. Unhas pernas delgadas deron paso *a un tpo verdadeiramente estrafalario*. Era incapaz de facer mal *a ningún*. Era unha muller que non tiña medo *a nada*.

Pode tamén ocorrer que a predicación sexa diferente, porque o OI está implicado de distintas maneiras ou en distintos graos, segundo haxa ou non redobro. É posible un diálogo coma o seguinte:

—Na Mutua ofrecen préstamos *a mestres*. / —*¿A quen* dis que ofrecen préstamos?
/ —*Ofrécenlles* préstamos *a mestres*.

3.2. A ausencia do redobro do clítico pódese interpretar como un trazo de lingua conservadora ou dun estilo máis elevado. Debe terse en conta que o redobro arrinca xa da Idade Media, aínda que na lingua antiga era infrecuente¹⁶, e desde aquela foi gañando progresivamente contextos e frecuencia, proceso que

na nosa opinión está conectado co ascenso de *aFN* como OD. Por tanto, a ausencia de redobro ten entre nós un sabor arcaizante, moi axeitado para certos estilos:

¡Cal que un Vigairo doa *á igrexa* da Nosa Dona manto bordado de prata. quixérache eu doar un manto de ondas, meu mar, ti que deches *á terra* a prata farturenta dos teus peixes!

Esta connotación lévanos a considerar unha posible explicación sociolingüística para a relativa frecuencia de non redobro con verbos do ámbito relixioso —coma *pregar, rezar, rogar, pedir, ofrecer...*—, axudando ó feito de que o OI ten a función de alocutario ou receptor (*vid. supra*):

Foi de novo a rezar *ao santíño*, pero ese día estaba detrás o sancristán. E nestes medios pediu *a Deus* que lle revelase que era aquilo. As mulleres pregaban *á louira Margot* para que abrise. Rogo *a Santo Antón* que me axude. Como ese diñeiro non é teu, tes que ofrecelo *ás ánimas*.

3.3. Nalgunhas construcións verbais non é doado determinar se a frase con prep. é OD de persoa ou OI. Esta circunstancia pode apoia-la ausencia de redobro do OI con certos verbos (*pagar, ensinar, alumear, querer...*), sobre todo se non hai un OD expreso:

Hai que pagar(*lle*) *ó panadeiro*? Hai que paga-lo pan *ó panadeiro*. Hai que pagarlle o pan *ó panadeiro*.

Un home rico deixara aquela luz para (*lles*) alumear día e noite *ós pobres mortos*? Para alumea-lo camposanto día e noite *ós pobres mortos*. Para *lles* alumea-lo camposanto día e noite *ós pobres mortos*.

O mesmo ocorre con verbos que poden funcionar ou ben como auxiliares ou verbos principais en complexos verbais (*mandar, deixar...*), ou ben como predicados transitivos simples:

Mandaron *a un criado* apaña-los toxos [a primeira interpretación é 'mandaron (enviaron) un criado que fose apaña-los toxos', OD sen redobro] / Mandaron *a un criado* apaña-los toxos [na interpretación secundaria *a un criado* é o receptor da orde e o encargado de executala] ~ Mandáronlle *a un criado* apaña-los toxos [forma habitual].

Eu, como só oía *a meu amo*, sempre volvía por eles / Eu teño(*lle*) oído *ó Señor Abade* (dicir) que en Inglaterra non hai probes.

3.4. Algúns verbos teñen un complemento preposicional con *a* que presenta unha fronteira difusa co OI e, de feito, pronominaliza en dat. cando se refire a persoas (*achegarse a, arrimarse a, aproximarse a, dirixirse a, opoñer(se) a, corresponder a, abrazarse a, cinguirse a, botarse a, dedicar(se) a, faltar a...*): *achegouse á ventá* (lugar) / *achegouse a eles, achegóuselles*. A diferenza do que ocorre co xenuíno OI, nestes casos o redobro dá lugar a unha estrutura marcada:

Foise achegando *a eles* con pés de la. Fóiselles achegando con pés de la / Fóiselles achegando *a eles* con pés de la [infrecuente, marca que foi a eles e non a outros]¹⁷.
Inmediatamente mandouse recado *a Ramón* [é practicamente interpretado como 'mandouse recado alí', non como 'mandóuselle recado a el'].

4. Hai situacións en que o redobro do clítico é imposible, por razóns doutra índole que impiden que se cumpra a norma xeral. Así ocorre en presenza doutro complemento pronominal átono de 1P e 2P —reflexivo ou non—, a pesar de que darían lugar a secuencias de clíticos frecuentes noutras circunstancias (Álvarez 1994); a restricción opera tamén para a clitización non debida ás condicións de redobro:

Eu *confésocbe* isto *a ti* [redobro obrigado de *a ti*: **Eu confeso isto a ti*] / Eu *confésome a ti* [sen redobro] / **Eu confésocheme a ti*¹⁸ [redobro imposible; clitización de dubidosa gramaticalidade: ?*Eu confésocheme*].

Ti enviácheslle un axudante *a ela* / Ti enviáchesme *a ela* / *Ti enviáchesmelle *a ela*, *Ti enviácheslleme *a ela* [redobro e clitización imposibles: *Ti enviáchesmelle, *Ti enviácheslleme].

Eu presenteite *a ti* ese día / Eu presenteite *a ela* ese día¹⁹ / *Eu presentécitelle ese día *a ela* [clitización imposible: **Eu presentécitelle*].

2.2. Tematización e focalización

Se o OI se traslada ó inicio —sexa por focalización, sexa por tematización—, é normal que o seu lugar sexa ocupado polo clítico; naturalmente, a posición varía, pois a focalización sempre comporta a posición anteverbal dos clíticos:

a) Nos casos de tematización a presenza do clítico é sistemática, sen importar que o elemento desprazado á esquerda careza ou non da preposición que marca a súa función²⁰; a ausencia do clítico é agramatical:

A min non me veñas con esas andrónenas. A Lucía dixéronlle que o prazo estaba fechado. A ese non lle fagas moito caso. Ó pobre do infeliz tódolos golpes lle viñan

á cara. O *sanctistán* cadroulle estar detrás do retablo [coloquial, por *Ó sanctistán...*].

b) Nos casos de focalización o redobro é a opción normal e máis frecuente, pero pódense atopar algúns casos de excepción, xeralmente atribuíbles a rexistros máis elevados ou a certo artificio lingüístico:

A mín mo dixeron. *A ninguén se lle* ocorreu metela auga na casa. *A todas lles* gusta. *A todo lle* pon inconvenientes.

Os romanos xogaron un papel decisivo na historia da nosa civilización e *a eles* temos que atribuír importantísimos logros.

3. Conclusións

Respecto do redobro do clítico, o OD e o OI compórtanse de maneira diferente, pois en tanto que co primeiro o clítico e *a+FN* están xeralmente en distribución complementaria e o redobro se circunscribe a un reducido abano de contextos, co segundo avanzou inexorablemente ata atinxir tódolos contextos e, incluso, comeza a excederlos límites desta función.

Este distinto comportamento determina de maneira fundamental o afastamento entre galego e portugués neste punto. Se nos atemos á orde non marcada, as condicións de redobro do OD son basicamente iguais nas dúas linguas, con pequenas excepcións; en orde marcada as diferencias son maiores, sobre todo porque na tematización se usan procedementos diferentes. En cambio, o afastamento é total no relativo ó OI, pois no portugués a penas presenta diferencias apreciables co OD, mentres que en galego segue progresando cara a un redobro sistemático do OI léxico. No estado actual da lingua, entre os múltiples factores que regulan a posibilidade, real aínda que minoritaria, de *a+FN* sen redobro como OI salientan a falta de definición referencial da frase, os trazos semánticos do seu N (singularmente [-ANIM]), a función semántica do OI, as características do predicado e da construción verbal, así como a presenza dun clítico de 1P e 2P con outra función oracional; ademais, agás nos casos de obrigado cumprimento, a ausencia de redobro pode ser un trazo arcaizante e marcador de estilos elevados.

Segundo os nosos datos —procedentes dun traballo en curso e non presentados nesta breve comunicación—, o proceso galego iniciouse na Idade Media, de xeito moi minoritario en contextos perfectamente determinados, alcanzou un teito no OD e seguiu progresando no OI, nun proceso tendente á automatización do clítico como marca de función sintáctica asociada a todo *aFN*-OI. O itinerario seguido por este avance lévanos a poñer en relación este trazo coa implantación de *aFN* no OD de persoa, e a este respecto é sintomático que o proceso arrinque coa obriga do redobro, en ámbalas funcións, cando a FN contén

un pronome persoal tónico, pois no clítico reside a única marca formal da distinción: *Oíno a el onte / Oínlle iso a el, Vinte a ti / Vinche a ti (algo)*. Carecemos de datos diacrónicos para o portugués, que desde a nosa óptica semella que en certo modo recuou, pois hoxe non practica o redobro en condicións xa anunciadas —ben que minoritariamente— nos nosos textos medievais; en calquera caso, houbo unha forte contención na difusión do redobro, como tamén a houbo na expansión do uso de *a* no OD. En ámbolos aspectos, a evolución do galego sitúao máis cerca dos outros romances peninsulares, nomeadamente do español, aínda que non acadou un grao de xeneralización tan alto coma nesta lingua.

Notas

1 De por parte os clíticos cumpren outras funcións pragmáticas, o acusativo con verbos intransitivos e o dativo con calquera tipo de verbos: *Aí os están eles, Lucía non che lle tiña medo a nada, Non te lle vatas de aquí* (Álvarez et alii 1986:173-175).

2 Esta comunicación é un avance dun traballo en curso, inscrito dentro do proxecto *Sintaxe descritiva do galego*, que se leva a cabo no Instituto da Lingua Galega da USC, con financiamento da Secretaría de Estado de Universidades, Investigación y Desarrollo (DGESIC-MEC). A descrición que segue baséase nun corpus tirado de textos literarios do s. XX e de textos orais representativos de todo o territorio galego.

3 Na nosa opinión, a ausencia de marcas de función sintáctica a carón de *que* mostra a gramaticalización deste relativo como conxunción; este cambio explica que dentro da oración deba haber unha frase coa función oracional esperable do relativo. En galego coloquial, este comportamento afecta con frecuencia ó Sux. (*A filla é unha que é ela pequena e roxiña*), e pódese dar en calquera das funcións oracionais (*Había un home que lle chamaban o Chinto, O lareiro é un armadillo cuns paos que colgan os chourizos neles*).

4 Aínda que cada vez está máis acentuada a tendencia a prescindir das formas reflexivas tónicas de 3P en beneficio das non marcadas por este trazo (*Levouno con el por levouno consigo, Falaba para el – para el mesmo por Falaba para sí*), no contexto de redobro séguense preferindo as formas diferenciadas: *Víase a si mesmo* (forma habitual) / *Víase a el mesmo* (coloquial e non sempre sentida como correcta).

5 O portugués rexeita que o clítico se refira ó conxunto e non só ó pronome persoal tónico: port. *Aborreceu-me ver como qualquer coisinha idiota a fazia a ela e ao cão instantaneamente felizes* / gal. *Amoloume ver como calquera parvada os facía a ela e ó can instantaneamente felices* [*a facía a ela e ó can*] (pero: “...a facía a ela, e ó can, instantaneamente feliz”). No ronsel deste comportamento do portugués prodúcese sintagmas en que, a falta da frase coa forma pronominal tónica, aparecen coordinados un clítico e unha frase con N léxico, algo imposible en galego: port. *A população observou-o e aos seus homens recobertos de glória com uma attitude mal humorada* / gal. *O*

populacho observounos a el e ós seus homes recubertos de gloria cunha actitude malhumorada [*observouno e ós seus homes].

6 Dialectalmente, nestes casos existe a posibilidade de redobro do OD con *lle(s)*: *Viaselle a el todo serio* (galego mindoniense e lucense orientais). Para estas secuencias e **se te > se che*, *vid.* Álvarez (1994:250-251).

7 Cfr. port. **O João apresentou [umas às outras]* (Matos/Duarte:486), unha consecuencia máis da particular gramática de gal. *un/unha* e *uns/unhas*, que non sempre ten correspondencia en port.

8 Ademais, tendo en conta que o OI galego se redobra adoito, **Linllos a todos a Xoán* daría un enunciado incompreensible, porque a pesar da escolla morfolóxica (*llos* 'lle+os') se interpretaría como 'Línllos a todos' e (*llos* 'lles+os') "a Xoán" non tería lugar. Lembrese a imposibilidade de redobro simultáneo do OD e o OI.

9 Efectivamente son imposibles exemplos como *Vinos todos a eles*, mais cremos que iso non proba a existencia de redobro (Matos/Duarte:485), pois é atribuíble á gramática destes cuantificadores externos: estando expresada a frase redobrada polo clítico, o cuantificador forma parte desta ou incide posteriormente sobre ela (*Vinos a eles todos / a todos eles; Percorrín os comercios todos / tódolos comercios*).

10 En galego son imposibles enunciados coma o port. *O bolo, o João comeu* (gal. *O pastel, Xoán comeuno*).

11 Neste caso tampouco sería aceptable a soa presenza do clítico, pois *Váreselle a vista* entenderíase referido a unha P3 determinada e non á P3 indeterminada, por iso é esixible a presenza de *a un*. Danse, por tanto, condicións propicias para que o OI puidera ser expresado só por *a+FN*, e sen embargo é obrigado o redobro.

12 O portugués non a practica, pero a referencia do clítico ó conxunto dos elementos coordinados é antiga en galego: *q[ue] meu s[er]ñ[or] don Ju' d'Acuña y eses s[er]ñ[ores] da junta do noso Portugal nola den con briedade ao señor tesoureiro y a mim* (1605, Cartas ó conde de Gondomar).

13 Semella que as dúas linguas se afastaron da gramática antiga, en galego un grao máis. Na lingua medieval, o clítico tampouco acompañaba o OD: *Antenor foy moy ledo et uesteu moy ben a s[er] et a quantos tragia* (*Cronica Troiana*: 20).

14 Cómpre salientalo: trátase da posibilidade da presenza de *a+FN* en solitario. A oposición cl. / cl. — *a+FN* é un problema conexo pero diferente, que queda fóra do espacio desta comunicación.

15 Sen embargo, co mesmo verbo é posible *Os libros que tanto gustan a Pedro*, onde a presenza do cuantificador crea a falsa aparencia de que se trata dunha construción Sux.-V-OD-OI, nas que o experimentador nunca é o OI.

16 Por citarmos só algúns testemuños, de diversas épocas e procedencias: *En todo lles faz mercee aos seus servos a Virgen* (*Cantigas Sta. M^o*:354.3), *Aly começou decabo Nēpot apoerlles medo a todos dizēdolles que vñjnria outro deluujo* (*General Estoria*:58), *Moitos libros et joyas que lle enviou o Papa ao bispo* (*Coronica Iria*:52); *et darllo aos ingreses et normandos, seus intmigos* (*Cornica Iria*: 65). Outros exemplos en posición

OI+V e V+OI en Álvarez (1994b:156-160).

17 Un enunciado coma port. *Achegou-se-lhe ao amigo* é interpretado por un galego, en primeira instancia, como 'Achegouse ó amigo' con redobro (lle = ó amigo), e só moi secundariamente como 'Achegouse ó amigo del'. En xeral, o dat. posesivo evitase se hai outro sintagma OI.

18 *Eu confésocbeme (a ti)* é normal e frecuente se *che* é Dativo de Solidariedade e non o redobro do OI, o que proba que a restricción non se debe á secuencia de formas.

19 Lémbrese que en galego se opoñen *te* e *che*, polo que nun enunciado coma este non queda dúbida de que *te* é o OD e *a ela* o OI.

20 Por tanto, resultan absolutamente inaceptables en galego exemplos coma os que presenta adoito o portugués culto, do seguinte teor: *Assim, a uma frase como esta Jaeggli atribui a seguinte estrutura: (...)*. Para as características xerais da estrutura tematizada en galego, *vid.* 1.2.

Referencias bibliográficas

- ÁLVAREZ, R. (1994): "Secuencias de pronomes átonos en galego moderno", in Lorenzo, R. (ed.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas, Santiago de Compostela, 1989*. A Coruña: Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa", VI, 247-265.
- ÁLVAREZ, R. (1994b): "As formas de dativo e a expresión do número en galego medieval: *lle / lles, llo / llelo*", en *Verba* 21, 133-166.
- ÁLVAREZ, R. et alii (1986): *Gramática galega*, Vigo: Galaxia.
- FERNÁNDEZ SORIANO, O. (1993): "Los pronombres átonos en la teoría gramatical. Repaso y balance", en Fernández Soriano, O. (ed.): *Los pronombres átonos*. Madrid: Taurus, 13-62.
- JAEGGLI, O. A. (1993): "Tres cuestiones en el estudio de los clíticos: el caso, los sintagmas nominales reduplicados y las extracciones", en Fernández Soriano, O. (ed.): *Los pronombres átonos*, Madrid: Taurus, 141-173.
- MATOS, G. A. / DUARTE, I. S. (1984): "Clíticos e sujeito nulo en português: contribuições para uma teoría de *pro*", *BF*, XXIX, 479-538.
- SUÑER, M. (1988): "Quantifiers and Direct Object-Doubling", in Birdsong, D. / Montreuil, J.-P. (eds.): *Advances in Romance Linguistics*. Dordrecht-Holland / Providence-USA: Foris Publications, 411-425.
- SUÑER, M. (1993): "El papel de la concordancia en las construcciones de reduplicación de clíticos", en Fernández Soriano, O. (ed.): *Los pronombres átonos*. Madrid: Taurus, 174-204.